



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Educación, Cultura e Deportes
Expediente: 2021000049729

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS DE INVESTIGACIÓN 2022-ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS

Don **XOSÉ REGUEIRA VARELA**, Presidente en funcións da Deputación Provincial da Coruña,

Por resolución da presidencia n.º 30608 do 05 de xullo de 2022, aprobouse a adxudicación provisional das Bolsas de investigación 2022- Área de ciencias sociais e xurídicas e concedeuse un prazo de 10 días para comunicar, se fora o caso, a desistencia da solicitude, presentar alegacións ou emenda de erros.

Comprobouse pola unidade xestora que no prazo de alegacións concedido ÁLVARO BENEDICTO PÉREZ SANCHO presentou un escrito de alegacións contra a resolución n.º 30608 pola que se aproba a concesión provisional das bolsas de investigación, na que o tribunal acordou deixar deserta unha das bolsas de conformidade co punto 6.2 das bases reguladoras (BOP número 34 do 18/02/2022). O tribunal emitiu informe sobre as alegacións presentadas ratificando a súa decisión, o que foi notificado ao interesado.

Vistos os informes dos servizos de Acción Social, Cultural e Deportes e de Fiscalización.

RESOLVO:

1.- Conceder definitivamente as bolsas ás seguintes persoas:

Titular da bolsa: CORREA CHICA, JULLY ANDREA

NIF:****8322*

Expediente: 2022000021551

Título do proxecto obxecto da bolsa: *Populismo e ameaza á convivencia democrática na rede dixital Twitter e en medios de comunicación. Procesos psicosociais subxacentes.*

Importe da bolsa: 10.000 €

Titular da bolsa: DOPICO CASAL, CARLOS

NIF:***7200**

Expediente: 2022000021284

Título do proxecto obxecto da bolsa: *(Des)Conecta: Programa breve de mindfulness en liña para a mellora do benestar psicolóxico das persoas traballadoras*

Importe da bolsa: 10.000 €

Titular da bolsa: MONJE AMOR, ARIADNA

NIF:***8968**

Expediente: 2022000021115

Título do proxecto obxecto da bolsa: *Os efectos moderadores entre o apoderamento psicolóxico e o compromiso no traballo no sector turístico galego*
Importe da bolsa: 10.000 €

Titular da bolsa: TOMÉ LOURIDO, DAVID
NIF:***8778**

Expediente: 2022000018735

Título do proxecto obxecto da bolsa: *Ansiedade e autocontrol antes e despois da pandemia: a importancia da práctica deportiva en Galicia*
Importe da bolsa: 10.000 €

2.- Dispor o gasto das bolsas concedidas con cargo á aplicación 0612/3262/481, fase A, operación nº 220220005738, por importe total de 40.000 €.

3.- Publicar a presente resolución definitiva na web da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no art.45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.